

ORDE COMUNICADA, DO 28 DE ABRIL DE 1994, POLA QUE SE ESTABLECE O TRÁMITE PARA A AUTORIZACIÓN DE TRATAMENTO EXTRAPRESUPUESTARIO EN DETERMINADOS SUPOSTOS DE SUBVENCIONS FINANCIADAS CON FONDOS PROCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA OU DOUTRAS ADMINISTRACIONS PÚBLICAS

A existencia de expedientes derivados de subvencións financiadas con fondos procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas nos que a actuación da Comunidade Autónoma non implica unha verdadeira actividade de xestión, por canto non lle corresponde nin a determinación das condicións necesarias para o seu dereito nin tampouco a decisión final sobre os beneficiarios das mesmas, limitándose polo tanto á realización de simples tarefas de intermediación e á prestación dos servizos de Caixa, foi prevista na Lei de Réxime Financeiro e Presupuestario de Galicia que establece a posibilidade de que ditas operacións se tramiten extrapresupuestariamente, facilitando con elo, doutra banda, unha maior axilidade e rapidez no pago das axudas, frecuentemente imposta pola propia normativa reguladora da subvención.

Considérase agora necesario definir con maior claridade as características das operacións susceptibles deste tratamento, así como o procedemento a seguir para a autorización do trámite extrapresupuestario.

En virtude do exposto, e a proposta da Dirección Xeral de Presupostos,

DISPOÑO :

*Artigo 1.-*      OPERACIONS EXTRAPRESUPUESTARIAS

Con arreglo ó indicado no artigo 46.4 da Lei 11/1992, de Réxime Financeiro e Presupuestario de Galicia, poderán xestionarse e contabilizarse extrapresupuestariamente, previa autorización do Conselleiro de Economía e Facenda, as operacións que se orixinen con

independencia do presuposto, e nas que a actuación das Consellerías ou dos Organismos Autónomos se limite á realización de funcións de intermediación.

*Artigo 2.-*      IDENTIFICACIÓN DOS RECURSOS PROCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA OU DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS QUE RECIBIRÁN TRATAMENTO EXTRAPRESUPOSTARIO.

As subvencións, correntes ou de capital, procedentes dos Fondos Estructurais Comunitarios ou doutras Administracións Públicas, que non sexan executadas directamente polos órganos da Comunidade Autónoma, poderán te-la consideración de operacións extrapresupostarias.

Entenderase que non existe execución directa cando a Consellería ou o Organismo Autónomo afectado se limite a distribuír entre os beneficiarios seleccionados pola Comisión das Comunidades Europeas ou pola Administración de que se trate os fondos que éstas lle envíen, sen que lle corresponda a determinación das condicións ou dos requisitos necesarios para ter dereito á subvención, nin a decisión sobre as solicitudes ás que se lle concede.

*Artigo 3.-*      PROCEDIMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DO TRÁMITE EXTRAPRESUPOSTARIO

1.- As Consellerías e os Organismos Autónomos que canalicen expedientes susceptibles de tratamento extrapresupostario, segundo o indicado nos artigos precedentes, solicitarán da Consellería de Economía e Facenda que se autorice a súa xestión como operación extrapresupostaria, remitindo a tal efecto a documentación seguinte:

- a) Solicitude de tratamento extrapresupostario (anexo ).
- b) Referencia á normativa reguladora da subvención.
- c) Relación de beneficiarios e importe da subvención proposta ou concedida.
- d) Fotocopia do expediente que se houberse tramitado en relación coa subvención, no que figurará, no seu caso, a documentación procedente da Comisión das Comunidades Europeas e dos Ministerios da Administración Central do Estado involucrados.

2.- O Conselleiro de Economía e Facenda, a proposta da Dirección Xeral de Presupostos e previo informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, resolverá no prazo de 10 días sobre a autorización solicitada, do que se dará traslado ó Órgano solicitante, á Intervención Xeral e á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

*DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA*

Facúltase á Dirección Xeral de Presupostos e á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias, para dictar cantas resolucións sexan precisas para a mellor aplicación desta Orde.


*DISPOSICION FINAL*

A presente Orde entrará en vigor o día 29 de Abril de 1994

Santiago de Compostela, a 28 de Abril de 1994



José Antonio Orza Fernández  
CONSELLEIRO DE ECONOMIA E FACENDA



## ANEXO

Visto o expediente tramitado pola Dirección Xeral de .....  
..... desta Consellería do que se deriva a posibilidade de que as  
subvencións ó dorso identificadas sexan susceptibles de tratamento extrapresupostario,

### **RESOLVO :**

- 1º Solicitar do Excmo. Sr. Conselleiro de Economía e Facenda a autorización prevista no artigo 46.4 da Lei 11/1992, de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia, para xestionar as referidas subvencións como operacións extrapresupostarias.
- 2º Remiti-lo expediente á Dirección Xeral de Presupostos para o seu correspondente trámite.

Santiago de Compostela, a        de        de 1994

O CONSELLEIRO

**Dorso que se cita**

1. IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE :

2. REFERENCIA Á NORMATIVA REGULADORA DA SUBVENCIÓN :

3. DOCUMENTACIÓN ADXUNTA (Rísquese o que non proceda)

- Relación de beneficiarios e importe da subvención

Sí

Non

- Fotocopia do expediente tramitado en relación coa subvención

Sí

Non